

Miguel Rodríguez Quelle

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) en decembro de 1980. Rematou os cursos de Doutoramento en Enxeñería de Telecomunicacións na Universidade de Vigo, de onde tamén posúe o título de Enxeñeiro de Telecomunicacións. É MBA (Master in Business Administration) pola Escola de Negocios Novacaixagalicia e dispón de formación a nivel nacional e internacional tanto en áreas técnicas como en xestión empresarial, así como algunhas publicacións no ámbito da investigación. Tamén é Máster Superior en Prevención de Riscos Laborais e profesor de saxofón polo Conservatorio Superior de Música de Vigo.

En xullo de 2005 comezou a súa andaina profesional en Madrid, como apoio a Grandes Clientes no operador de telecomunicacións galego Comunitel, non sen antes ter traballado de forma temporal para outras empresas do sector como consultor, para pasar, dende xaneiro de 2006 ata decembro de 2006, e despois da compra de Comunitel por parte do operador sueco Tele2, a desempeñar tarefas en marketing de produto residencial na xefatura de produto.

En decembro de 2006 volta a Galicia para desempeñar dentro do operador galego R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A. e ata setembro de 2007, labores no departamento de Solucións a Grandes Clientes, data na que se fai cargo dentro deste operador, da xestión do proxecto de telefonía fixa da Xunta de Galicia e participa activamente no resto do proxecto, ademais de xestionar importantes implantacións e realización de análises en diversos clientes dos ámbitos público e privado. Esta etapa finaliza en maio de 2015, cando é nomeado director xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal ,S.A.